

ANEXO I

**SOLICITUDE DE ACTUACIÓNS DA SUBMEDIDA M10.22 DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS
XENÉTICOS NA AGRICULTURA/CULTIVOS-CASTES AUTÓCTONAS 2018**

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
CENTRO DE INVESTIGACIÓNS AGRARIAS DE MABEGONDO
A CORUÑA

Data 27/03/2018 12:19:33

Nº DE PROTOCOLO^(*)

ENTRADA 78 / RX 826435

(*) A encher polo SXEA



1.- ACTUACIÓN PROPOSTA

Actividades para o Rexistro, Conservación e Transferencia das castes tradicionais galegas de horta. Selección e mellora de castes tradicionais e elaboración de descritores.

2.- ENTIDADE SOLICITANTE

Centro Institucional/Entidade Colaboradora:

Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

Enderezo: Estrada Betanzos-Mesón do Vento Km. 7,5 San Tirso de Mabegondo

C. Postal:15318

Concello: Abegondo

Provincia: A Coruña

Telf.: 881881801

Fax:

Correo electrónico:

manuel.lopez.luaces@xunta.es

3.- XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN PROPOSTA

A comercialización dos viveiristas de plantón hortícola en Galicia, moveu o ano 2016 a cantidade de 36.693.029 de plantas. Aínda que o número de denominacións de castes é moi elevado, solo 15 destas denominacións están rexistradas no Rexistro de "Castes Comerciais". O total de viveiristas multiplicadores de planta hortícola rexistrados en Galicia, son 101. Toda esta actividade de produción de planta, está declarada polos viveiristas cada ano, conforme a obrigatoriedade do Regulamento Técnico.

No ano 2017 comezou o traballo para o rexistro, conservación e transferencia de castes tradicionais galegas de variedades de horta. Este traballo consistiu básicamente na caracterización molecular de tódalas castes conservadas no banco de xermoplasma do CIAM. O obxectivo de esta caracterización é obter unha ferramenta que sirva, xunto coa caracterización morfolóxica, para comprobar a que as plantas que se comercializan, son realmente dunha caste determinada. Como continuación do traballo, será necesario facer a caracterización morfolóxica das castes comercializadas polos viveiros, ademais de volver a facer a de aquelas castes do banco de xermoplasma que non tiveran resultados claros.

Outra parte do traballo que comezou no 2017, foi o da caracterización morfolóxica, mediante os descritores da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV). Parte de estos descritores son obrigatorios para o Rexistro de Castes Comerciais e están incluídos no formulario técnico de cada especie, polo que son necesarios para o rexistro, ademais de servir

para a descrición de cada unha das castes. Unha parte importante das castes do banco, xa tiñan feita a caracterización morfolóxica con anterioridade, fundamentalmente as que xa están rexistradas. Outras a tiñan feita con poucos descritores, polo que é necesario completala para o seu posterior rexistro. As castes procedentes dos viveiros, que demostren ter valor agronómico, ser diferentes, ser estables e uniformes, tamén será necesario caracterizalas, co fin de ser rexistradas como castes comerciais.

Unha vez que as castes que cumplan con estes requisitos e que aínda non están rexistradas, estén perfectamente caracterizadas, procederase ó seu rexistro, polo que é necesario obter unha cantidade suficiente de semente de cada unha delas, polo que será necesario a multiplicación da mesma, tanto para o rexistro como para a conservación.

4.- OBECTIVOS DA ACTUACIÓN PROPOSTA

Ano 2018:

- **Caracterización de castes con descritores UPOV para solicitar a súa inclusión no Rexistro de Castes Comerciais:** Caracterización seguindo os descritores da UPOV, das castes das que se solicitará a súa inclusión no Rexistro de Castes Comerciais.
- **Caracterización molecular:** Xenotipado das castes procedentes dos viveiros, ou de parte de elas, para comprobar se o método e efectivo para determinar a pertenza ou non a unha determinada caste.
- **Multiplicación de semente:** Multiplicación e conservación da semente das castes das que se solicitará a súa inclusión no Rexistro de Castes Comerciais.
- **Rexistro:** Inicio do procedemento de rexistro das castes que reunan os requisitos necesarios para facelo (valor agronómico, ser diferentes, ser estables e uniformes) que estén perfectamente caracterizadas e seleccionadas.

Ano 2019

- **Caracterización de castes con descritores UPOV para solicitar a súa inclusión no Rexistro de Castes Comerciais:** Caracterización seguindo os descritores da UPOV, das castes que non puideran ser caracterizadas no ano anterior.
- **Rexistro:** Continuación do procedemento de rexistro das variedades que se poidan ir incorporando ó ter completada a súa caracterización e selección.
- **Multiplicación de semente:** Multiplicación e conservación da semente das castes das que se solicitará a súa inclusión no Rexistro de Castes Comerciais.
- **Publicación de datos:** Faráse unha publicación con todos os datos de caracterización de cada unha das variedades que mostren ter valor agronómico, ser diferentes, estables e uniformes.

5.- METODOLOXÍA

Ano 2018:

Neste ano, faranse as plantacións necesarias para realizar a caracterización morfolóxica, cos descritores da UPOV, para completar os datos que se necesiten, así como a multiplicación de semente. Unha vez completos os datos, iniciárase o procedemento de rexistro das variedades eleixidas. Empregaranse unhas 30 plantas por variedade, que se manterán en cultivo por un período aproximado de 5 meses dende o transplante, nos invernadoiros do CIAM. A semente obtida, conservarase no banco de xermoplasma.

Para a caracterización molecular prevista, farase planta das castes que se determine, co obxectivo de obter o ADN necesario.

Ano 2019:

A metodoloxía será a mesma que no 2018 para as castes que necesiten a súa caracterización morfolóxica para o rexistro, por non tela feita aínda. O mesmo que para a obtención de semente.

Para realizar a publicación mencionada, recopilaranse tódos os datos necesarios, así como tamén poderanse dispoñer de unha pequena plantación para a realización de fotografías.

6.- PLAN DE DIVULGACIÓN

Reunións:

Ano 2018

As necesarias para o desenvolvemento do proxecto.

Ano 2019

Cursos:

Ano 2018

Ano 2019:

Demostracións:

Ano 2018:

Ano 2019:

Publicacións:

Ano 2018:

A partir dos resultados obtidos, poderanse facer artigos divulgativos relacionados co traballo desenvolto.

Ano 2019:

Publicación dos datos de caracterización obtidos (morfolóxicos, moleculares e agronómicos) de cada unha das variedades.

Outras:

Ano 2018:

Poderase facer a difusión do traballo desenvolto a través de programas de temas agrarios da CRTVG ou de outras cadeas, así como tamén da prensa escrita.

Ano 2019